

**Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e ABANCA CORPORACION BANCARIA SA para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de dinamización e incentivo do consumo de peixe e marisco frescos nos comercios detallistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Peixe en Peixerías.**

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2025

**REUNIDOS**

Dunha parte:

Dona Marta Villaverde Acuña, conselleira do Mar da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 35/2025, do 4 de xuño, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte:

Don José Lino Comesaña Calvo, con NIF , que actúa en nome e representación de ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. (en adiante, ABANCA) segundo escritura de poder outorgada ante o notario de Vigo, D. José Piñeiro Prieto, de data 4 de xaneiro de 2010, co número 1 do seu protocolo, a cal ten o seu domicilio na Cl. Cantón Claudino Pita, nº 2 de Betanzos (A Coruña), e que se atopa inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, e no censo de Entidades Xurídicas do Ministerio de Economía y Hacienda co C.I.F. A-70302039.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,



## MANIFESTAN

**Primeiro:** A Consellería do Mar vai proceder á convocatoria do Programa bonos Peixe en Peixerías coa finalidade de estimular a demanda das persoas consumidoras e incrementar o fortalecemento e a reactivación económica do consumo de peixe e marisco frescos no comercio de proximidade galego.

A concesión destas axudas económicas farase efectiva a través dos bonos Peixe en Peixerías, que poderán utilizarse polas persoas físicas maiores de idade nos establecementos comerciais retalistas radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que se adhiran ao programa.

**Segundo:** A entidade ABANCA CORPORACION BANCARIA SA, conforme á Orde da Consellería do Mar do 14 de maio de 2025, resultou seleccionada como entidade financeira colaboradora na entrega e distribución dos fondos do programa de dinamización e incentivo do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Peixe en Peixerías.

**Terceiro:** Ambas partes, por razóns de eficacia na xestión, en aras do desenvolvemento das diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización, en tanto que esta actividade redundará nunha mellora do desempeño do sector pesqueiro e na realización dos obxectivos perseguidos, e co fin de conseguir unha mellor prestación dos servizos ás persoas beneficiarias das axudas, e de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto da colaboración*

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a xestión e distribución dos fondos das axudas económicas que van ser

convocadas no marco do Programa bonos Peixe en Peixerías para fortalecer o sector comercial retalista de Galicia, estimulando a demanda das persoas consumidoras.

#### *Segunda. Entidade colaboradora*

ABANCA CORPORACION BANCARIA SA é unha entidade colaboradora que cumpre cos artigos 3 e 6 da orde pola que se convoca o procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivo do consumo de peixe e marisco frescos nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Peixe en Peixerías.

#### *Terceira. Obrigas da entidade colaboradora*

A entidade colaboradora, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do establecido na Orde pola que se convoca o procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade financeira colaboradora para a xestión do programa de dinamización e incentivo do consumo de peixe e marisco frescos nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Peixe en Peixerías, obrígase ao seguinte:

1. Entregar e distribuír as axudas do programa mediante a habilitación dunha plataforma tecnolóxica específica e das aplicacións informáticas mais idóneas para a posta en marcha, a eficaz execución e o seguimento do programa de tal forma que permita ter un seguimento, control e trazabilidade da emisión dos bonos o seu troco nos comercios adheridos e pagamento dos mesmos, de acordo coas previsións establecidas na cláusula quinta.
2. Ter operativas a plataforma e/ou aplicacións informáticas, habilitando o procedemento operativo antes da entrada en vigor da orde de convocatoria do programa.
3. Utilizar a imaxe do programa definida pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica en todos os soportes físicos e dixitais.
4. Por a disposición da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica os seguintes informes:

- Persoas usuarias dadas de alta no programa.

- Comercios dados de alta no programa.
- Número de bonos descargados (localidade, provincia).

5. Ser a depositaria dos fondos transferidos e entregar e distribuír os fondos públicos aos comercios adheridos ao programa, sen ningún custe ou requisito adicional dos previstos no programa e con independencia de que sexan clientes/as da entidade, cunha periodicidade semanal.

Estes fondos en ningún caso consideraranse integrantes do seu patrimonio.

6. Xestionar, controlar e supervisar o correcto destino dos fondos depositados na conta para o programa e, no seu caso, coas instrucións específicas dadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

7. Informar do saldo dispoñible dos bonos unha vez alcanzada a súa data de caducidade ou ao fin do programa coa finalidade de realizar o reembolso dese saldo, se é o caso, á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

8. Comunicar á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través do correspondente ficheiro, as operacións de liquidacións e transferencias de abono realizadas, cunha periodicidade semanal.

9. Reintegrar os fondos públicos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10. Cumprir, en materia de protección de datos, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos; coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; e as demais disposicións vixentes sobre a materia.

Deberase manter a xestión das bases de datos do programa á marxe das bases de datos da clientela da entidade financeira, non podendo utilízalas para ningún fin distinto da propia administración e xestión dos bonos.

11. Dispoñer de libros e rexistros contables para facilitar a adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

12. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.
13. Cumprir cos requisitos e obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, particularmente, nos seus artigos 10 e 12, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
14. Facer constar a participación da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo Marítimo, de pesca e de Acuicultura (FEMPA) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

#### *Cuarta. Obrigas da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica*

A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica comprométese a:

1. Librar o crédito necesario para realizar o pagamento dos bonos trocados dentro do período subvencionable establecido na correspondente orde de convocatoria do programa.
2. Definir a imaxe do programa en todos os soportes físicos e dixitais.
3. Facilitar o contido das declaracións das altas dos comercios e das persoas usuarias así como das autorizacións expresas en materia de protección de datos nos termos que se establezan na orde de convocatoria do programa e neste convenio.
4. Autorizar as liquidacións con carácter previo á súa transferencia.
5. Compensar os gastos nos que incorra a entidade colaboradora ao abeiro do artigo 13.2 m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### *Quinta. Operativa da xestión das axudas*

- A entidade colaboradora habilitará as aplicacións informáticas tecnicamente máis idóneas para dar de alta ás persoas usuarias dos bonos Peixe en Peixerías, identificando

respecto de cada unha delas a información que se estableza na orde de convocatoria do programa e, en todo caso, a seguinte:

- Nome e apelidos.
  - Maioría de idade.
  - DNI/NIE.
  - Localidade de residencia (código postal)
  - Número de teléfono móbil.
  - Correo electrónico.
- Habilitación da solución técnica para a descarga dixital dos bonos por parte das persoas usuarias.

Cada persoa usuaria disporá dos bonos que se establezan na orde de convocatoria do programa, que poderán ser usados en un ou varios dos comercios retallistas adheridos ao programa. A súa aplicación efectuarase polos propios establecementos, habilitando a tal efecto a entidade colaboradora os mecanismos e canles necesarios.

Cada bono terá o valor determinado na orde de convocatoria do programa. O dito importe irase reducindo en función do valor da compra de acordo cos criterios establecidos na citada orde.

A orde de convocatoria poderá dispoñer liberacións parciais do crédito dispoñible en intervalos temporais e limitar á súa vez o importe máximo do bono que poderá ser usado polas persoas usuarias dentro de cada un deses intervalos. Os importes non usados polas persoas usuarias dentro de cada intervalo poderán acumularse para o seu uso en períodos posteriores, así como o crédito dispoñible non gastado en cada intervalo temporal que tamén se poderá acumular co dispoñible para os seguintes períodos.

O período de validez dos bonos será o establecido na orde de convocatoria do programa.

O uso da aplicación e a descarga dos bonos polas persoas usuarias suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei

Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informadas convenientemente.

Para estes efectos, por medio dunha declaración responsable as persoas usuarias deberán manifestar, baixo a súa responsabilidade, que compren cos requisitos establecidos na orde correspondente e que os datos indicados son certos. Así mesmo, deberán constar as autorizacións correspondentes en materia de protección de datos persoais nos termos que se establezan na orde de convocatoria do programa e neste convenio.

– A Consellería do Mar, mediante convocatoria pública, establecerá o prazo para que os comercios retalistas interesados en adherirse ao Programa bonos Peixe en Peixerías se dean de alta na aplicación tecnolóxica habilitada a tal efecto pola entidade colaboradora.

Na alta dos comercios deberá quedar constancia da información que se estableza na orde de convocatoria do programa e, en todo caso, a seguinte:

- Nome e apelidos/razón social
- Domicilio fiscal en Galicia
- NIF/CIF
- Nome, apelidos e DNI/NIE da persoa representante
- Nome comercial
- Enderezo do establecemento comercial
- Número de teléfono móbil
- Correo electrónico
- IAE principal
- IBAN da conta bancaria
- Páxina web do establecemento comercial (no seu caso)

No caso dos retalistas comprendidos dentro do código IAE 663.1 - Venta ambulante de pescado e marisco. CNAE 4723 Comercio ao menor de peixe e mariscos (venta minorista fora de local), os datos referentes ao establecemento comercial, poderán ser substituídos polo número de matrícula do vehículo utilizado para a actividade comercial.

A alta e o uso da aplicación polas persoas comerciantes suporá a aceptación das condicións e obrigas do programa e da política de privacidade conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informadas convenientemente.

Para estes efectos, as persoas comerciantes deberán asinar dixitalmente unha declaración responsable manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados.

O importe máximo de bonos que poderán trocarse por cada empresa establecerase, no seu caso, na orde de convocatoria do programa.

A entidade colaboradora habilitará o sistema de funcionamento e troco dos bonos de tal forma que quede rexistrado o importe e o concepto da compra, a identificación do bono e o importe descontado.

– A entidade colaboradora deberá entregar e distribuír aos comercios, na conta bancaria indicada a tal efecto, o importe dos bonos trocados.

#### *Sexta. Depósito dos fondos públicos*

Para dar cumprimento ao disposto no apartado 1 da cláusula cuarta, a Consellería do Mar depositará os fondos públicos destinados ao Programa bonos Peixe en Peixerías na seguinte conta bancaria da entidade financeira colaboradora: ES10 2080 7208 3285 3000 0089. O depósito farase co concepto de "pagamento Programa bonos Peixe en Peixerías".

#### *Sétima. Compensación económica e constitución de garantías*

A compensación económica a favor de ABANCA CORPORACION BANCARIA SA polos gastos de posta en funcionamento, seguimento e control do Programa Peixe en Peixerías será de 80.000,00 €, financiados con cargo á aplicación orzamentaria 16.02.723B 480.0, código de proxecto 2023 00197 N, da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

O pagamento da compensación económica farase á entidade financeira colaboradora, unha vez finalizado o Programa bonos Peixe en Peixerías, na seguinte conta bancaria: ES10 2080 7208 3285 3000 0089.

En atención ás características da colaboración e á solvencia da entidade, a entidade colaboradora está exenta de constituír as garantías previstas no capítulo II do título IV do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Oitava. *Protección de datos*

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

As partes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización do programa ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo, salvo que a comunicación derive dunha obriga legal ou mandato xudicial.

A entidade colaboradora, como encargada do tratamento dos datos, ten encomendada a labor de recollida, rexistro e almacenamento dos datos persoais necesarios para a tramitación dos bonos Peixe en Peixerías segundo as directrices establecidas pola Consellería do Mar, garantindo expresamente respecto dos datos de carácter persoal que se traten durante a xestión dos devanditos bonos:

- a) Que adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa conservación e seguridade e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
- b) Que non os comunicará a terceiras persoas.
- c) Que gardará o segredo profesional respecto destes.
- d) Que os utilizará única e exclusivamente para os efectos previstos neste convenio.

As obrigas anteriormente citadas non exclúen nin contraveñen as obrigas que se citarán como condición de encargado do tratamento.

#### Novena. *Encargado do tratamento*

A Consellería do Mar ostenta a condición de responsable do tratamento de datos persoais e a entidade colaboradora ostenta a condición de encargado do tratamento, comprometéndose a entidade colaboradora ás seguintes condicións:

1. Tratar por conta da Consellería do Mar os datos de carácter persoal necesarios para a xestión dos bonos Peixe en Peixerías. A tipoloxía de datos tratados e as categorías de interesados serán unicamente os recollidos nesta orde. O tratamento poderá consistir na recollida, rexistro, conservación, consulta, supresión e destrución da información.
2. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, so para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios, sendo considerado neste suposto como responsable do tratamento.
3. Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXP, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.
4. Levar por escrito, cando proceda segundo o artigo 30 do RXP, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
5. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.
6. Manter o deber de segredo respecto dos datos persoais aos que tivese acceso en virtude do presente contrato, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.



7. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informara convenientemente. O encargado manterá a disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigaón.
8. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
9. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obrigaón de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, a requirimento deste, e a maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante a este efectos. No caso de que os afectados soliciten o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarlles a través de calquera medio fidedigno de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
10. No caso de que o obxecto da contratación prevexa a recollida de datos directamente polo adjudicatario, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento de recadar os datos. A redacción e o formato en que se facilitará a información deberase acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso as esixencias previstas no RXPDD e na LOPDGD.
11. Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia, no seu caso, a Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RXPDD.
12. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas a protección de datos e na realización das consultas previas a autoridade de control, cando cumpra.
13. Implantar, nos casos que aplique, as previsións recollidas no R.D. 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantaranse as medidas de seguridade necesarias para:



13.1. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

13.2. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

13.3. Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

13.4. Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

14. Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado.

15. Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXPd e no artigo 34 da LOPDGDD, e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable, sen prexuízo da preceptiva inscrición na AEPD.

A estes efectos, faise constar que a entidade financeira colaboradora conta cun/ha delegado/a de protección de datos formalmente designado, D. Roberto Baratta Martínez, e co que o responsable do tratamento pode poñerse en contacto mediante o seguinte enderezo electrónico: [privacidad@abanca.com](mailto:privacidad@abanca.com).

16. Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos persoais e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

17. Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste convenio que comporten o tratamento de datos persoais, fóra daqueles servizos auxiliares que resulten necesarios para o normal funcionamento dos servizos do encargado ou aqueles que resulten precisos para alcanzar o bo fin do presente convenio. Neste caso, as entidades subcontratistas

terán tamén a condición de encargado do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigacións establecidas neste convenio para esta figura e as instrucións que dite o responsable do tratamento. Á entidade bancaria colaboradora corresponderalle regular a nova relación de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...), ao mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o encargado inicial, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas.

#### Décima. *Prazo de duración*

Este convenio de colaboración entrará en vigor o día da súa sinatura e os seus efectos estenderanse ata o 31 de decembro de 2025.

O convenio poderá ser obxecto de prórroga dentro dos límites establecidos no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

#### Décimo primeira. *Interpretación do convenio*

As cuestións xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería do Mar, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou poderá interpoñerse directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se o dito acto fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o/a solicitante e outros/as posibles interesados/as, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda. *Resolución do convenio*

Son causas de resolución deste convenio:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordara a súa prórroga.
2. O acordo unánime das partes asinantes.
3. O incumprimento total ou parcial das estipulacións contidas nas cláusulas ou no articulado da Orde pola que se convoca o procedemento de selección de entidades colaboradoras, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes de axudas en curso.
4. Calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.

Para os efectos do reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Décimo terceira. *Xustificación e inspección*

A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, como responsable do programa, resérvase o dereito de realizar a *posteriori* e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control estime oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa subvencional.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica poderá cancelar a adhesión dos mesmos ao Programa bonos Peixe en Peixerías, comunicando a dita circunstancia á entidade colaboradora a fin de impedir o troco e pagamento dos bonos.

Os comercios retalistas adheridos están obrigados a facilitar tanta información lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e os restantes órganos de control no exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas.

Décimo cuarta. *Natureza administrativa*

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, quedando fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidese presentar.

O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

As dúbidas que poidan xurdir en relación coa interpretación e cumprimento do convenio resolveranse de común acordo, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

Décimo quinta. *Réxime xurídico*

Para todo o non previsto neste convenio de colaboración observarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; así como nas restantes normas xerais de dereito administrativo.

E en proba da conformidade cos termos deste convenio de colaboración, as partes asínano e rubricano no lugar e data indicados na cabeceira.

A conselleira do Mar  
SA

En representación de ABANCA CORPORACION BANCARIA

Marta Villaverde Acuña

José Luis Comesaña Calvo